

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018380	IES O Carril	Vilagarcía de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	27
4.2. Materiais e recursos didácticos	28
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	34
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	35
9. Outros apartados	37

1. Introducción

As nosas decisións programáticas obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego. Neste sentido, a materia de Lingua Galega en 4º de ESO continúa as liñas dos cursos anteriores na etapa coa continuidade do achegamento á literatura galega e ten a responsabilidade engadida de ser, para moito do noso alumnado, o último contacto co ensino regrado da nosa lingua e literatura. Preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos deste nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural nos séculos XX e XXI.

O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o éuscaro e o portugués, especialmente este último. Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para 4º de ESO está articulada arredor de trece unidades didácticas que podemos clasificar nos seguintes tipos:

- A primeira das unidades é transversal e dedicarase á lectura autónoma de obras literarias ao longo do curso. Os libros de lectura previstos, un por trimestre, son: O que sei do silencio de Andrea Maceiras, Os nenos da varíola de María Solar e Unha primavera para Aldara de Teresa Moure. Cómpre sinalar que estes libros están suxeitos a posibles modificacións ao longo do curso en función das características ou necesidades do alumnado.

- Outras tres unidades transversais centraranse no desenvolvemento dun pequeno proxecto trimestral, nelas os criterios e contidos do segundo bloque vinculados coa oralidade terán un peso fundamental.

- Alternando coas anteriores, contamos tamén con seis unidades secuenciais, dúas por trimestre, que recollen contidos pertencentes a varios bloques.

- Por último, elaboramos tres unidades transversais máis, unha por trimestre, que se desenvolverán intermitentemente ao longo do trimestre que lles corresponde. Este tipo de unidade trimestral abrangue dúas ou tres actividades (ou pequenos proxectos) nas que se poñen en práctica os coñecementos adquiridos nas unidades secuenciais, dando pé á adquisición doutros novos, de forma progresivamente autónoma e na liña da aprendizaxe por descubrimento.

As devanditas unidades, están articuladas segundo a ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

As unidades comezarán sempre por un achegamento ao tema da unidade a través dun formato oral ou audiovisual para transmitir en todo momento que estamos a traballar cunha lingua viva chea de vitalidade, a liña fundamental de traballo para conseguir falantes que dominen con fluidez a nosa lingua.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Lectura autónoma de obras literarias	Cada trimestre, lectura dunha obra literaria adecuada para a idade.	10	6	X	X	X
2	Proxecto 1: exposición sobre literatura.	Investigación e posterior exposición oral sobre un aspecto transversal da literatura galega.	3	4	X		
3	Unidade 1	Reflexionaremos sobre as propiedades dos textos (adecuación, cohesión, coherencia e corrección) e os mecanismos de cohesión, para, finalmente, saber identificar estes aspectos nos textos alleos e poñelos en práctica nos propios. Coñeceremos e analizaremos os seguintes procesos de formación de palabras: derivación, composición e parasíntese. Faremos un primeiro achegamento ao contexto histórico da historia da lingua e da literatura nos séculos XX e XXI co obxectivo de que o alumnado adquiera unha serie de claves que lle permitan situar autores ou obras nas súas coordenadas histórico literarias. E centraremos na comprensión e análise da poesía do tempo das Irmandades da Fala e das vangardas. Revisaremos a ortografía do b/v.	12	13	X		
4	Unidade 2	Coñeceremos e analizaremos os mecanismos de ampliación do léxico: préstamos, estranxeirismos, calcos e neoloxismos. Revisaremos a ortografía do h e x. Desde unha perspectiva sintáctica, adentraremos no concepto de oración e centraremos na identificación e a tipoloxía do suxeito e do predicado. Achegarémonos ao grupo Nós e as súas características xeracionais.	11	13	X		
5	Actividades 1	É o momento de que o alumnado actúe e aplique os novos coñecementos traballados nas dúas unidades secuenciais do trimestre e adquiera outros novos. Aínda que baixo guía, de forma progresivamente autónoma, deberá realizar un comentario literario dun poema vangardista e unha investigación sobre un aspecto do éuscaro.	4	3	X		
6	Proxecto 2: debate	Preparación e realización dun debate sobre un tema de interese social e/ou educativo.	4	4		X	
7	Unidade 3	Análise das características dos textos argumentativos e os tipos de argumentos, como base para a preparación do debate do proxecto.	12	13		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Unidade 3	<p>Revisar regras de acentuación xeral e o acento diacrítico.</p> <p>Na sintaxe, profundar nos complementos verbais e a oración composta.</p> <p>Comprenderemos e analizaremos textos literarios do grupo Nós e aproximáronos á literatura do exilio.</p> <p>Achegarémonos aos niveis e rexistros da lingua e aos dialectos do galego.</p>	12	13		X	
8	Unidade 4	<p>Achegarémonos aos medios de comunicación e aos seus textos.</p> <p>Coñeceremos as relacións semánticas de homonimia e hiperonimia-hiponimia.</p> <p>Repasaremos o pronome persoal átono e a súa colocación.</p> <p>Analizaremos sintacticamente a subordinación.</p> <p>Achegarémonos á poesía de 1936-1976.</p>	11	13		X	
9	Actividades 2	<p>É o momento de que o alumnado actúe e aplique os novos coñecementos traballados nas dúas unidades secuencias deste trimestre e adquira outros novos. Aínda que baixo guía, de forma progresivamente autónoma deberá analizar un texto literario do grupo Nós, realizar un test sobre pronomes persoais átonos na Aula Virtual e varias actividades relacionadas coa lusofonía. Aproveitaremos agora para estreitar relacións co portugués e conseguir maior competencia nesta lingua.</p>	3	3		X	
10	Proxecto 3: exposición da vida laboral dunha persoa da súa contorna.	<p>O alumnado, de forma individual, deberá redactar o currículo dunha persoa da súa contorna, que desenvolva unha profesión do seu interese. Para iso, deberá entrevistar previamente a esa persoa. Por último, deberá expoñer o currículo elaborado, engadindo información que non se detalla no mesmo (en que consiste a ou as profesión da persoa entrevistada, a formación necesaria para realizar ese(s) traballo(s), circunstancias das escollas formativas e laborais e experiencia persoal da persoa entrevistada...).</p>	3	4			X
11	Unidade 5	<p>Achegarémonos ao significado connotativo das palabras.</p> <p>Revisaremos os signos de puntuación e o seu uso.</p> <p>No ámbito da sintaxe, analizaremos a subordinación substantiva e adxectiva.</p> <p>Achegarémonos a textos narrativos literarios de 1936 a 1976.</p> <p>Por último, identificaremos os principais</p>	12	13			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	Unidade 5	prexuízos lingüísticos sobre o galego e as súas variedades e reflexionaremos sobre eles.	12	13			X
12	Unidade 6	Dentro da tipoloxía textual, e en relación cos textos da vida laboral tamén traballados no proxecto 3, achegarémonos ao contrato laboral. No ámbito da sintaxe, achegarémonos á subordinación adverbial. Repasaremos o verbo. Achegarémonos á Nova Narrativa Galega e á literatura de 1976 á actualidade.	12	13			X
13	Actividades 3	É o momento de que o alumnado actúe e aplique os novos coñecementos traballados nas dúas unidades secuencias deste trimestre e adquira outros novos. Aínda que baixo guía, de forma progresivamente autónoma, o alumnado deberá elaborar un artigo de opinión, realizar un test sobre verbos na Aula Virtual e elaborar un traballo de creación literaria, vinculado á figura homenaxeada no Día das Letras Galegas (a poeta Luísa Villalta) e aos contidos literarios da unidade 6.	3	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Lectura autónoma de obras literarias	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura e a información máis relevante da obra literaria lida en cada trimestre.	PE	100
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma da obra literaria lida en cada trimestre.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Demostra que realiza a lectura autónoma dos textos seleccionados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Expresa a súa experiencia da lectura relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Analiza os elementos constitutivos da obra e a relación desta co seu contexto sociohistórico, atendendo as características do xénero ao que pertence.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establece relacións entre as obras lidas e outros textos, así como con outras manifestacións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos, formular e avali - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade intelectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d - Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.

UD	Título da UD	Duración
2	Proxecto 1: exposición sobre literatura.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha exposición oral axustándose ás convencións propias do xénero, con fluidez, coherencia, cohesión e corrección e co rexistro adecuado, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. Emprega unha presentación dixital axeitada.	TI	100
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Comunica un texto elaborado a partir da organización e reformulación de información previamente localizada, seleccionada e contrastada, e indica debidamente as fontes bibliográficas das que obtivo esa información.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Comparte a experiencia de lectura de textos literarios na exposición.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establece vínculos entre diferentes textos e obras literarias, atendendo a un aspecto temático ou doutra índole.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O discurso presenta adecuación discursiva, precisión léxica e corrección gramatical e fonético-fonolóxica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A ex - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramati-cal e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, cali-dade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade intelectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

UD	Título da UD	Duración
3	Unidade 1	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende, analiza e identifica os elementos lingüísticos dun texto, atendendo á adecuación, coherencia, cohesión e corrección do mesmo.	PE	100
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos da poesía das Irmandades e das vangardas.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos da poesía das Irmandades e das vangardas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica as características formais e de contido de textos da poesía das Irmandades e das vangardas e relaciona estes textos co contexto sociohistórico e literario ao que pertencen.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo (especialmente, aos mecanismos de cohesión) e de corrección ortográfica, especialmente do uso de b/v.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explica a relación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas (adecuación).		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Explica a formación de palabras derivadas, compostas e parasintéticas e o uso de b/v.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
4	Unidade 2	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos do Grupo Nós.	PE	100
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica as características formais e de contido de textos do Grupo Nós co contexto sociohistórico e literario ao que pertencen.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos de corrección ortográfica, como o uso de h e do x, e as construcións morfosintácticas.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Explica os mecanismos de ampliación do léxico (préstamos, estranxeirismos, calcos e neoloxismos) e analiza oracións simples.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de

Contidos
- xénero. Visibilización do univers - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
5	Actividades 1	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Valorar a lingua éuscara, analizando as súas características máis salientables para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Valora a lingua éuscara, analizando un dos seus aspectos máis salientables.	TI	100
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Elabora traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma sobre un aspecto do éuscaro.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redacta textos coherentes, cohesionados e adecuados á situación comunicativa.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e reelabora e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Reelabora e comunica información previamente localizada, seleccionada e contrastada de maneira progresivamente autónoma.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Realiza un comentario literario dun poema, demostrando que comprende o sentido global do texto, a estrutura, a información máis relevante, así como os recursos literarios empregados e establece relacións co período literario co que se corresponde.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establece relacións entre os textos lidos e outros textos, así como con outras manifestacións artísticas e culturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracións institucionais.
- Valoración e comprensión das principais características do éuscaro.
- Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
